



Concello de Laxe

Dpto. de
Servizos Sociais

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LAXE

ARTIGO 1.- CONCEPTO:

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41, e segundo as normas contidas no Capítulo VI do Título I do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público polo Servizo de Axuda no fogar, tanto para persoas valoradas como persoas que acceden ao servizo por libre concorrencia.

ARTIGO 2.- OBRIGADOS/AS O PAGAMENTO:

Están obrigadas ao pago todas aquelas persoas que:

- A) Estean recoñecidas como dependentes ao abeiro da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de dependencia, e teñan resolución do Plan Individualizado de Atención (PIA) no que se lle recoñeza o citado servizo (calquera que sexa a modalidade do mesmo) sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento.
- B) As persoas que accedan ao servizo da axuda no fogar por libre concorrencia e que sexan dadas de alta no servizo municipal de acordo co estipulado no Regulamento específico de funcionamento

Se o/a beneficiario/a carecera da capacidade para obrar, dita obriga recaerá sobre que ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre que exerza de feito o seu coidado.



Concello de Laxe

Dpto. de
Servizos Sociais

ARTIGO 3.- CONTÍA DO PREZO PÚBLICO:

1. Contía.

A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas nos apartados seguintes referidas a unha hora de prestación do servizo, e que se determinarán do seguinte xeito:

Aos efectos previstos para aplicación das tarifas do presente artigo, se establece o prezo da hora por prestación do servizo en 12 €, agás para os domingos e festivos en que se establece o prezo da hora para prestación do servizo en 15€.

2. Reducións.

A participación das persoas beneficiarias na financiación do servizo de axuda no fogar establecerase en función do custo do servizo que se lles preste e da súa capacidade económica persoal, consonte á seguinte táboa:

INGRESOS	% CUSTO DO SERVIZO (sobre 12€)
Ata 100% IPREM	0%
Do 100% ata 150% IPREM	10%
Do 150% ata 200% IPREM	12%
Do 200% ata 250% IPREM	15%
Do 250% ata 300% IPREM	20%
Do 300% ata 350% IPREM	28%
Do 350% ata 400% IPREM	37%
Do 400% ata 450% IPREM	45%
Do 450% ata 500% IPREM	60%
Máis do 500% do IPREM	65%

En ningún caso a contribución económica da persoa usuaria poderá ser superior ao 65% do custo efectivo do servizo prestado pola entidade local titular do mesmo.



Concello de Laxe

Dpto. de
Servizos Sociais

Poderá preverse a gratuidade do servizo en determinados casos en que a problemática principal atendida sexa a desestructuración familiar e/ou se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, segundo criterio do técnico responsable do servizo e resolución motivada da Alcaldía, órgano competente para acordar a concesión do servizo, debendo quedar constancia no correspondente expediente.

3. Capacidade económica da persoa usuaria do servizo.

Esta determinarase de acordo cos puntos que se indican a continuación:

1. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio.

No caso de que a persoa beneficiaria tivese cónxuxe ou parella de feito entenderase como renda persoal a metade da suma dos ingresos de ambos os dous membros da parella. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

2. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.
3. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.



Concello de Laxe

Dpto. de
Servizos Sociais

4. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas, e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.
5. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.
6. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

Asemade para a aplicación do presente acordo e para poder establecer a capacidade económica da persoa solicitante, o Concello de Laxe deberá dispoñer dos datos fiscais e de patrimonio, que solicitará de oficio, previa autorización expresa e por escrito da persoa beneficiaria ou familia.

ARTIGO 4.- CONDICIÓNS DE PAGAMENTO:

1. A obriga de pagamento dos prezos públicos comeza dende que se inicie a prestación do servizo.
- 2.- A retribución dos prezos será instantánea, pero as liquidacións practicaranse por meses naturais, e deberán ser aboadas polos/as beneficiarios/as nos primeiros cinco días hábiles do mes seguinte, mediante cargo na conta corrente que o/a usuario indicará no contrato do servizo, ou ingreso na conta corrente que o Concello sinale no momento de subscribir dito contrato de prestación.
- 3.- Os suxeitos pasivos estarán obrigados a comunicar calquera alteración que se produza nos seus ingresos ao longo do período impositivo, así como a renovar, anualmente, os datos para a estimación das súas rendas.
- 4.- O terse en conta as circunstancias económicas na fixación de prezos non se establece ningún outro sistema de exención ou bonificación.



Concello de Laxe

Dpto. de
Servizos Sociais

5.- En casos de suspensión temporal do servizo, durante un período non superior a 1 mes e por causas forzosas, e non superior a 1 mes por vontade propia, deberá seguir aboándose a cota correspondente á aportación do beneficiario/a.

6.- Se a algunha persoa beneficiaria non se lle prestase o servizo por causas non imputables á mesma, léase por inconvintes derivados da organización interna do propio servizo, terá tamén dereito a un desconto proporcional ao tempo que estivo sen atención á hora de abonar a cota mensual.

7.- As débedas polos prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

8.- A falla de pagamento dos servizos prestados de dous prazos suporá a imposibilidade de manter o servizo en tanto non se teñan aboadas as débedas pendentes.

ARTIGO 5.- NORMAS DE XESTIÓN:

1.- Unha vez aprobada a alta no servizo, esta manterase mentres non varíen as circunstancias que motivaron a prestación do servizo. Asemade rexerese polas normas contidas no Regulamento específico do servizo, no artigo referente á extinción do servizo.

2.- Anualmente, ou antes, no caso de producirse cambio na situación das persoas usuarias, se lles requirirá, por parte dos Servizos Sociais, para que xustifiquen documentalmente a súa situación económica e patrimonial, a efectos de actualizar a súa renda per cápita e o prezo público a aboar.

3.- Unha vez iniciada a prestación do servizo, e de acordo co contido no regulamento municipal para persoas en situación de dependencia valorada, procederase á súa inclusión nos padróns ou matrículas deste prezo público. O pagamento da contía que corresponda aboar a cada persoa beneficiaria farase efectivo en recibos mensuais nas entidades bancarias colaboradoras que se sinale, e nos prazos a tal efecto recollidos na normativa de aplicación.



Concello de Laxe

Dpto. de
Servizos Sociais

Disposición derradeira

O presente acordo entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Laxe, 18 de setembro de 2009
O Alcalde-Presidente

O Secretario

Antonio Carracedo Sacedón

Froilán Pallín Seco